

4-415

ESTATUTOS DO CLUB RUBIANS, F.C.

NORMAL XERAIS:

Artigo 1º.- O RUBIANS, F.C. é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O RUBIANS, F.C. practicará como principal modalidade deportiva a de fútbol, e solicitará ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade coa lei Xeral de Deporte de Galicia.

O RUBIANS, F.C. practicará así mesmo nas modalidades deportivas de fútbol aficionado e fútbol base, e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asamblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.- O domicilio Social do Club RUBIANS, C.F. fíxase na Avenida Da Mariña, 16, 36600 de Vilagarcía de Arousa provincia de Pontevedra. Teléfono de contacto 986.50.73.11

O presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asamblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIONES.

Artigo 4º O número de socios será ilimitado. A Asamblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 5º Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asamblea Xeral. Os menores de 18 anos clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

Artigo 9º

Son Organos de representación e Goberno do RUBIANS, F.C. a Asamblea Xeral e o Presidente.

Artigo 10.-

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes.

Será elexido mediante sufraxio libre, directo igual e secreto por e entre os membros da Asamblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11.-

O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elexido
- b) Demisión
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo
- d) Aprobación duna moción de censura pola Asamblea Xeral

Artigo 12º

Como órganos complementarios dos de goberno e representación poderá haber una Xunta Directiva para asistir ó Presidente.

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión do Club, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo presidente, que a presidirá.

3.- Corresponderán á Xunta directiva as seguintes atribucións: A Xunta Directiva como órgano colaborador do Presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente, que poderá avocar e revocar en calquera momento.


Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous dias de antelación como mínimo á data de celebración.

Artigo 14º

[Handwritten signatures and notes on the right margin]
AGUITOS
REBOLO



A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 15º

1.- O tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Socios e o Libro de Actas.

Artigo 17º

1.- A assemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

2.- As Assembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora mais tarde quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán que mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de vinte.

Artigo 18º


A Asamblea Xeral convocarase polo presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento como mínimo dos socios de número.

1.- A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do presidente ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos polo 5 por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2.- Terá de se celebrar Asamblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

1961/05
DE-6000



Artigo 19º

Os acordos da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva, serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.-

O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e contables.

Artigo 21º

No libro de Rexistro de Socios terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén especificaranse as datas de altas e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.-

Nos libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas en todo caso polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.-

Nos libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 24º

Os órganos e Socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.

Artigo 25º

Así mesmo o Presidente e membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

AGENTES
REBOLC



CAPITULO V

REXIME ECONOMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 26º

O RUBIANS, F.C. someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

- a) Non poderán destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicio, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.
- b) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
- c) O RUBIANS, F.C. poderá gravar e enaxenar bens inmobles, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:
 - 1.- Que se autoricen tales operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asamblea Xeral Extraordinaria.
 - 2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.
 - 3.- Cando se trate de gravar ou enaxenar bens inmobles que foran financiados en todo ou parte con Fondos Públicos da Comunidade Autonónoma será preceptiva a autorización previa da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 27º

O RUBIANS, F.C. poderá recibir libremente doazóns que non excedan da cantidade de 3.005,06 Euros. No suposto de doazóns que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 28º

O RUBIANS, F.C. poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 29º

1.- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Heitor
Rebo



Artigo 30º

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme a lexislación vixente.

Artigo 31º

Os títulos de parte alicuota patrimonial han de ser asemade, subscrito polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 32º

Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 33.-

Os presentes Estatutos só se poderán modificar reformar ou derogar por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 34º

O RUBIANS, F.C. extinguirase ou disolverase por acordo de : a) Dos dous tercios dos socios en asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto. B) Por sentenza xudicial. C) Por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Artigo 35º

Disolto o RUBIANS, F.C. o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo, ben por acordo previo da Asamblea Xeral ou subsidiariamente pola Dirección Xeral para o Deporte.

462105
REBOLO



.....

Envío de fax

Para:	FEGAFUT	Fax:	981120048
De:	RUBIANS, F.C.	Fecha:	17/06/2005
Asunto:	ENVIO NIF	Páginas:	02
CC:			
☐ Urgente ☐ Para revisar ☐ Comentarlos ☐ Responder ☐ Reciclar			

ADJUNTO LES ENVIAMOS LA COPIA DEL NIF DE NUESTRO CLUB PARA QUE ADJUNTEN A LA DOCUMENTACIÓN YA REMITIDA. ASI MISMO LES ROGAMOS TOMEN NOTA DEL NUERO NUMERO DE TELEFONO DEL PRESIDENTE JOSE MANUEL AGEITOS REBOLO

647121184

SIN OTRO PARTICULAR, LES ENVIAMOS CORDIALES SALUDOS,

CARMEN
RUBIANS, F.C.

.....





Delegación de PONTEVEDRA

Delegación de PONTEVEDRA
Oficina de Gestión Tributaria
PZ ORENSE, 2
36071 PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)
Tel. 986851531
Fax. 986840790

Nº de Remesa: 05361901150



9028010852 Nº Certificado: 0519531600106

RUBIANS F C

AV DA MARIÑA, 16-BJ
36600 VILAGARCIA (PONTEVEDRA)

COMUNICACIÓN DE TARJETA ACREDITATIVA DEL NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF)

Se le comunica que con fecha 17-06-2005 se ha procedido a la emisión de su tarjeta acreditativa del Número de Identificación Fiscal, que se reproduce en la parte inferior de este documento.

El Número de Identificación Fiscal se consignará en cuantas declaraciones, comunicaciones o escritos se presenten ante la Administración Tributaria. Asimismo, será necesario para la apertura de cuentas o la realización de otras operaciones en Bancos, Cajas de Ahorros y otras Entidades de Crédito, para la adquisición o transmisión de inmuebles o valores y para efectuar otras operaciones con trascendencia tributaria, debiéndose comunicar a otras personas o entidades que tengan que suministrar información a la Hacienda Pública acerca de sus recíprocas relaciones económicas o profesionales.

En particular, los empresarios o profesionales han de hacer constar su NIF en las facturas u otros documentos que expidan o reciban como consecuencia de las operaciones que realicen o en las cuales intervengan.

PONTEVEDRA, 17 de JUNIO de 2005
El Delegado de la A.E.A.T.

Fdo.: Luis Antonio Pazos Franco



Agencia Tributaria
www.agencia tributaria.es

TARJETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

Código de Identificación Definitivo

G36498632Denominación **RUBIANS F C**

Razón Social

Anagrama Comercial:

Domicilio **AV DA MARIÑA 16 BJ**Social **VILAGARCIA 36600 (PONTEVEDRA)**Domicilio **AV DA MARIÑA 16 BJ**Fiscal **VILAGARCIA 36600 (PONTEVEDRA)**Administración de la AEAT **36060 VILAGARCIA**Fecha C.I. Definitivo: **17-06-2005**

Código Electrónico:

16BE47DC68271033



.....

Envío de fax

Para: FEGAFUT

Fax: 981120048

De: RUBIANS, F.C.

Fecha: 07/06/2005

Asunto: ENVIO CESION CAMPO DE
FÚTBOL

Páginas: 02

CC:

☐ Urgente

☐ Para revisar

☐ Comentarios

☐ Responder


☐ Reciclar

.....

ADJUNTO AL PRESENTE LA CARTA DE CESION DEL CAMPO DE FÚTBOL DE RUBIANS PARA LA DISPUTA DE LOS PARTIDOS DEL RUBIANS, F.C.

SIN OTRO PARTICULAR, ESPERO QUE SURTA LOS EFECTOS OPORTUNOS.

CARMEN
RUBIANS, F.C.



.....




A Xunta Provisional da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Rubiáns, en xuntanza celebrada o sábado 4 xuño de 2.005, logo de estudia-lo escrito presentado por D. Manuel Ageitos Rebolo en calidade de Presidente do "Rubiáns C.F.", no que solicita se lle permita utilizar o campo de fútbol propiedade da Comunidade de Montes de Rubiáns para que dito equipo de fútbol o poida utilizar para a práctica do deporte,

ACORDA:

Permitir ó "Rubiáns C.F." a utilización de ditas instalacións para os fins solicitados. Dado que outros equipos utilizan tamén o mesmo recinto, deberá telo en conta de cara a establece-los horarios de uso.

Rubiáns 4 de xuño de 2.005

O Presidente:

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Xurxo Abuín Rodríguez', written over a horizontal line.

Asdo: Xurxo Abuín Rodríguez



FEDERACION GALLEGA DE FÚTBOL
C/ Menéndez Pelayo, 18 – 2º
15005 A Coruña

Vilagarcía de Arousa a 25 de Mayo de 2005


Muy Sres. Nuestros:

Después de las conversaciones telefónicas mantenidas con Uds. En las que les comunicamos nuestra intención de crear un equipo nuevo denominado RUBIANS, F.C., adjunto a este documento les enviamos la copia de la solicitud de aprobación por la Xunta de Galicia entregada el día de hoy, así como una copia de los estatutos y relación de miembros.

Nuestra intención es participar de momento solo en Aficionados, en la categoría 3ª Regional. Disponemos de un campo de fútbol cuya titularidad pertenece a la Asociación de Montes de la parroquia él cual nos va a elaborar un escrito cediéndonos el uso del mismo. Este documento todavía no lo adjunto, pero en cuanto la tengamos en nuestro poder les será remitida. La camiseta va a ser a rayas blancas y negras.

Nuestra dirección de envíos y comunicación es la Av. De la Marina, 16, bj de Vilagarcía de Arousa (36600), teléfonos 986507301 – 986507311 fax.986507318, preguntar por Carmen o Juan.

Sin otro particular quedamos a la espera de sus noticias, quedando pendiente el documento de cesión del campo y aprovechamos la ocasión para saludarlos muy atentamente.



Fdo. Carmen Saborido
(Ayte. de Secretaria)



FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

Refª: Afiliación Federativa

Recibida de ese estimado Club, la documentación precisa para su afiliación federativa, que en principio es conforme, se procede a su envío a la R.F.E.F., para los correspondientes efectos reglamentarios.

Con efecto de la participación de sus equipos en las competiciones oficiales, manifestamos a Vd., que en las fichas de jugadores que sean presentadas a registro ha de consignarse siempre el número que a efectos del ordenador ha sido asignado a ese estimado Club, y que es el siguiente:

4-415

Lo que notificamos para su debido conocimiento y efectos oportunos.

A Coruña , 04 de AGOSTO, de 2.005

Secretario General

RUBIANS CF

